

Esta é a túa guía de benvida!





Benvidas e benvidos ao Colexio de Traballo Social de Galicia!

Nesta guía atoparás a información básica sobre o Colexio de Traballo Social de Galicia así como os servizos que poñemos á túa disposición agora que xa estás colexiada ou colexiado.

O primeiro paso será visitar a nosa páxina web:

<https://traballosocial.gal/>

Tamén podes visitar as nosas redes sociais, facendo clic nas iconas:



Tamén podes coñecer a nosa sede física

En Santiago de Compostela, na Rúa de Dublín, nº 6



Índice de contidos

1. ¿Qué é un colexio profesional?
2. ¿É obrigatorio estar colexiada ou colexiado?
3. Os nosos servizos




¿Qué é un colexio profesional?

Os colexios profesionais son unha corporación de dereito público. O Colexio de Traballo Social de Galicia ten como fins esenciais a ordenación e representación da profesión no seu ámbito territorial, a defensa dos intereses profesionais das persoas colexiadas e a protección dos intereses das persoas consumidoras e usuarias dos servizos das mesmas, todo isto sen prexuízo da competencia da Administración pública por razón da relación funcional.



¿É obrigatorio estar colexiada ou colexiado?



O artigo 3 da Lei 10/1982 do 13 de abril de creación de Colexios Oficiais de Diplomados en Traballo Social e o artigo 2 do Real Decreto 174/2001 que aprobaba os Estatutos Xerais dos Colexios recollen a obrigaón de incorporar aos nosos colexios a quen estea en posesión do título de Grao ou Diplomado/a en Traballador/a Social ou Asistente/a Social, **”sendo obrigatoria para o exercicio da profesión a incorporación ao Colexio correspondente.”**

Os servizos do COTSG



Defensa da
profesión

Ofertas de
emprego

Listaxes
profesionais

Biblioteca

Seguro de
responsabilidade civil e
club de Traballo Social




¿Existen mais beneficios?



Fío/Newsletter semanal.
Recollemos todas as noticias,
lexislación, formación e ofertas
de emprego relevantes.



Comisións e Grupos de Traballo
nos que podes participar
(feminismos, infancia e familia,
Traballo Social na educación,
etc.)



Información actualizada a través
de Telegram, no apartado de
Comunicación da web e tamén
no Blog

Coléxiate e participa, o Colexio Profesional de Traballo Social de Galicia somos todas e todos.

Rúa Dublín 6, baixo (Fontiñas) 15707 Santiago de Compostela. A Coruña

981 568 100 ou info@traballosocial.gal

<https://traballosocial.gal/>

